



OFERTA PERSOAL ESTATUTARIO 2009

PERSOAL DE SERVIZOS XERAIS 1º EXERCICIO:

1. - Non abra nin lea o interior deste caderniño ata que se lle indique.
2. - Esta proba consiste nun cuestionario eliminatorio de contestación por escrito a 60 preguntas tipo test (da 1 á 60), con 5 preguntas de reserva (da 61 á 65), sobre o contido do programa, que deberán ser contestadas entre os números **1 e 65**.
Delas, as 10 primeiras preguntas (da 1 á 10), son as relativas á parte común do temario (temas un a oito, ambos os dous inclusive), de cuxa contestación estarán exentos os/as aspirantes de promoción interna.
3. - O tempo total de realización é de **75 minutos**.
4. - Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración ningunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
5. - Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
6. - Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
Decida con certeza a opción que desexa, porque unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo a devandita opción de resposta.
7. - A resposta correcta a marca cunha **X** ben feita dentro dos límites do recadro ,
cun trazo recto e preciso, nin moi groso nin moi fino.
De ter que anular, o recadriño da resposta ten que encherse por completo na súa totalidade.
8. - En caso de erro tipográfico ou de transcripción entre o texto editado en galego e o editado en castelán, do cuestionario bilingüe, prevalece este último aos únicos efectos da súa comprensión lóxica, sen prexuízo das aclaracións vinculantes que de viva voz poida advertir o tribunal durante a realización desta proba. Así mesmo, algúns termos técnicos, neoloxismos ou outras expresións de difícil correspondencia na tradución, poderán expresarse de xeito unívoco entre comiñas.
9. - Non se permite o uso de calculadora nin soportes con memoria.
10. - Ao rematar o seu exercicio poderá levar o cuestionario de preguntas, pero terá que entregar todas as follas de respostas, na mesma mesa pola que entrou ao recinto, para que lle dean a última folla autocopiativa.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA a SÚA CORRECTA CUMPRIMENTACIÓN**

PERSOAL DE SERVIZOS XERAIS

1. A abdicación resolverase:

- A) Por Decreto-lei.
- B) Por Lei orgánica.
- C) Por Decreto.
- D) Por maioría absoluta do Congreso dos Deputados.

2. O presidente do Tribunal Superior de Xustiza será nomeado:

- A) Polo Presidente da Xunta , por proposta do Consello Xeral do Poder xudicial.
- B) Polo Presidente da Xunta , por proposta do Consello xeral do Poder xudicial, oído o Ministro de Xustiza.
- C) Polo Presidente do Goberno, a proposta do Presidente da Xunta.
- D) Polo Rei, por proposta do Consello Xeral do Poder Xudicial.

3. Considérase falta grave:

- A) A falta de asistencia durante máis de 5 cinco días continuados.
- B) A falta inxustificada de asistencia durante máis de 2 días continuados.
- C) O incumprimento inxustificado da xornada de traballo que, acumulado supoña máis de 15 horas ao mes.
- D) A deterioración das instalacións cando se produzan por negligencia inescusable.

4. ¿Cal das seguintes afirmacións non é correcta en relación coa recuperación da condición de persoal estatutario fixo, segundo o artigo 28 da Lei 55/2003 do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde?

- A) A recuperación da condición de persoal estatutario suporá a simultánea declaración do interesado na situación de excedencia voluntaria.
- B) Non é posible en ningún caso a recuperación da condición de persoal estatutario fixo se a devandita perda foi ocasionada por sanción disciplinaria de separación do servizo con carácter firme.
- C) Se a recuperación da condición de persoal estatutario como consecuencia da revisión da incapacidade se produce dentro dos dous anos seguintes á declaración da incapacidade, o interesado ten dereito a incorporarse á mesma praza na que prestaba servizos na data da perda da condición de persoal estatutario fixo
- D) Todas as afirmacións son correctas en relación coa recuperación da condición de persoal estatutario fixo.

5. De conformidade co artigo 30 do Decreto 206/2005 do 22 de xullo de provisión de prazas de persoal estatutario do servizo galego de saúde, os concursantes que obteñan praza deberán cesar na que, no seu caso, desempeñen, dentro de:

- A) Tres días naturais seguintes a aquel en que se publique a resolución definitiva.
- B) Tres días hábiles seguintes a aquel en que se publique a resolución definitiva.
- C) Tres días naturais dende que se publique a resolución definitiva.
- D) Tres días hábiles dende que se publique a resolución definitiva.

6. As infraccións de grao medio reguladas no artigo 42 da Lei 8/2008 de Saúde de Galicia, serán sancionadas cunha multa de:

- A) Ata 120.202,42 €
- B) De 6.010,13 € a 10.517,71 €
- C) De 601,02 € a 1.803,04 €
- D) Ata 6.010,12 €

7. ¿A quen lle corresponde a aprobación das directrices de política sanitaria de Galicia de acordo co artigo 63 da Lei de Saúde de Galicia?

- A) Ao Parlamento de Galicia.
- B) Á Consellería de Sanidade, mediante Orde do titular deste departamento.
- C) Ao Consello da Xunta de Galicia.
- D) Ao Consello Galego de Saúde.

8. O establecemento de sistemas de farmacovixilancia encádrase na Lei de Saúde de Galicia dentro das prestacións sanitarias en:

- A) Prestacións farmacéuticas.
- B) Atención sociosanitaria.
- C) Saúde Pública.
- D) Atención a urxencias e emerxencias.

9. Segundo o Decreto 200/1993, do 29 de xullo, de ordenación da atención primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, ¿cal das seguintes funcións non será realizada polo servizo de atención primaria?

- A) Promoción da saúde.
- B) Diagnóstico da saúde.
- C) Planificación e execución dos programas de saúde.
- D) Programas de formación continuada, docencia e investigación.

10. **A Lei de Prevención de Riscos Laborais non se aplica a:**
- A) Os funcionarios públicos.
 - B) Os traballadores autónomos.
 - C) Os empregados do fogar.
 - D) As cooperativas de traballo asociado.
11. **Cando o paciente estea circunstancialmente incapacitado para tomar decisións polo criterio médico responsable da asistencia, o dereito corresponderalle aos seus familiares ou ás persoas vinculadas a el. No caso dos familiares darase preferencia a:**
- A) Fillos maiores de idade.
 - B) Padre ou nai.
 - C) Cónxuxe ou, no seu caso, a quen teña a condición legal de parella de feito.
 - D) Os familiares de grao máis próximo e dentro do mesmo grao aos que exerzan de coidadores ou, a falta destes, aos de maior idade.
12. **O consentimento informado será:**
- A) Escrito por regra xeral.
 - B) Escrita nos casos determinados pola Lei.
 - C) Verbal por regra xeral.
 - D) As respostas B) e C) son correctas.
13. **As instrucións previas:**
- A) Poden ser revogadas, libremente, en calquera momento e de forma verbal ou por escrito.
 - B) Non poden ser revogadas.
 - C) Poden ser revogadas libremente, en calquera momento e por escrito.
 - D) Só poden ser revogadas con carácter previo ao desenvolvemento de calquera tipo de intervención.
14. **¿Cal dos seguintes dereitos individuais pertence ao Título II "Principios da protección de datos" da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro?**
- A) Dereito de acceso, de rectificación e cancelación.
 - B) Dereito a indemnización.
 - C) Dereito de consulta ao Rexistro Xeral de Protección de Datos.
 - D) Dereito de información na recollida de datos.
15. **O prazo máximo en que debe ditarse a resolución expresa de tutela de dereitos será, segundo ala Ley Orgánica 15/1999, do 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal de:**
- A) 6 meses.
 - B) 3 meses.
 - C) 1 mes.
 - D) 30 días.
16. **A comunicación de datos de carácter persoal entre Administracións Públicas con competencias diferentes poderá levar a cabo cando:**
- A) A devandita comunicación fose prevista polas disposicións de modificación do ficheiro.
 - B) A devandita comunicación teña por obxecto o tratamento posterior dos datos con fins científicos, históricos ou estatísticos.
 - C) A devandita comunicación fose prevista por disposición do mesmo rango que regule o seu uso.
 - D) As respostas A) e B) son correctas.
17. **A tarxeta sanitaria individual como documento administrativo:**
- A) Acredita todos os datos do seu titular.
 - B) Atenderá aos criterios establecidos con carácter xeral na Unión Europea.
 - C) Terá como fin o acceso dos cidadáns ás prestacións que proporciona o sistema de información sanitaria.
 - D) Todas as respostas anteriores son incorrectas.
18. **A xestión das tarxetas sanitarias individuais corresponde no seu ámbito territorial respectivo a:**
- A) Cada provincia.
 - B) Cada concello.
 - C) Cada unidade administrativa de xestión sanitaria.
 - D) Todas as respostas anteriores son falsas.
19. **O sistema de información sanitaria está a disposición dos seus usuarios, que son:**
- A) As Administracións Públicas sanitarias, os xestores e profesionais da sanidade.
 - B) As Administracións Públicas sanitarias, as non sanitarias e profesionais da sanidade.
 - C) Os cidadáns e os sistemas nacionais de saúde da Unión Europea.
 - D) As respostas A) e C) son correctas.
20. **As solicitudes de alta dos traballadores no réxime xeral:**
- A) Deberán presentarse previo ao inicio da relación laboral ata 60 días naturais antes.
 - B) Deberán presentarse nos cinco días seguintes ao inicio da prestación do servizo.
 - C) Deberán presentarse cunha antelación de polo menos cinco días do comezo da prestación do servizo.
 - D) Deberán presentarse previo ao inicio da relación laboral ata 50 días hábiles antes.

21. A afiliación do traballador á Seguridade Social non é:

- A) Obrigatoria.
- B) Vitalicia.
- C) Única para cada réxime de la Seguridade Social.
- D) Única para todo o sistema de la Seguridade Social.

22. A duración máxima da incapacidade temporal será:

- A) De doce meses non prorrogables.
- B) De doce meses, prorrogables por outros seis cando se presuma que durante eles pode ser o traballador dado de alta médica por curación. A prórroga será emitida pola Inspección Médica.
- C) De dezaoto meses prorrogables por outros seis máis, cando se presuma que durante eles será dado de alta por curación. A prórroga será emitida polo Instituto Nacional da Seguridade Social.
- D) De doce meses, prorrogables por outros seis cando se presuma que durante eles o traballador será dado de alta médica por curación. A prórroga será emitida polo Instituto Nacional da Seguridade Social.

23. As tres áreas onde se incluírán as funcións que desenvolverá a categoría de persoal de servizos xerais son:

- A) De apoio ás funcións xerais e á xestión administrativa e de atención ao afiliado da Seguridade Social.
- B) De información ao usuario, de mantemento, administrativa e de apoio á dirección.
- C) De atención ao usuario, de apoio á xestión administrativa, de mantemento.
- D) De organización do traballo, de control das instalacións, de atención ao afiliado da Seguridade Social.

24. ¿Cal das seguintes funcións non corresponde ao apoio na xestión administrativa e organización do traballo das unidades e servizos de atención primaria?

- A) Execución do programa de tarxeta sanitaria.
- B) Mecanización e transcrición dos informes administrativos e clínicos.
- C) Materialización do programa de cita previa.
- D) Cumprimentación dos datos administrativos dos usuarios nas follas de asistencia sanitaria e de atención urxente.

25. No trámite de audiencia, no procedemento administrativo, os interesados poderán alegar e presentar os documentos e xustificantes que consideren pertinentes nun prazo de:

- A) Non superior a vinte días.
- B) Non inferior a dez días nin superior a quince.
- C) Ata o trámite de urxencia.
- D) Non inferior a dez días nin superior a trinta días.

26. De acordo co artigo 83 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, salvo disposición expresa en contrario, os informes serán:

- A) Facultativos e vinculantes.
- B) Obrigatorios e vinculantes.
- C) Facultativos e non vinculantes.
- D) Obrigatorios e non vinculantes.

27. A resolución dun recurso administrativo:

- A) Debe circunscribirse ao solicitado polo recorrente.
- B) Resolverá cantas cuestións se deduzan do expediente.
- C) Non é necesario que se motive.
- D) Debe aceptar as razóns en que se fundamente o propio recurso.

28. Non é unha función da Admisión de Ingresos, dentro do Servizo de Admisión:

- A) Control e autorización de altas.
- B) Custodia de pertenzas.
- C) Establecemento do réxime económico provisional da prestación asistencial.
- D) Canalizar as reclamacións e as queixas.

29. Non é función do Servizo de Atención ao Paciente:

- A) Informar os familiares do servizo ou planta na que se atopan os pacientes.
- B) Propoñer á Dirección do hospital normas para a organización do sistema de visitas aos pacientes.
- C) Organización da lista de espera.
- D) Informar os familiares dos trámites especiais a levar a cabo cos enterramentos dunha cidade a outra, cuestións legais, etc.

30. O código de barras que leva un produto e que vai ser lido por lectores electrónicos non está formado por:

- A) Código de control.
- B) Código de empresa.
- C) Código de produto.
- D) Díxito de control.

31. Tal como menciona no seu artigo 28 da actual Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, ¿poderán as Administracións Públicas contratar verbalmente?

- A) Si, dun modo xenérico, se contrata verbalmente.
- B) Non, agás no caso de contratos que teñan carácter de emerxencia.
- C) Non, non se podería contratar verbalmente en ningún caso.
- D) Sempre que así o autorice o funcionario competente en materia de contratación administrativa.

32. O cálculo do aprovisionamento do material almacenable require o establecemento previo das seguintes variables relacionadas co "stock" para cada produto:

- A) Consumo medio mensual: É un dato estatístico que reflicte de forma ponderada as cantidades de artigos consumidas por termo medio nun ano.
- B) Coeficiente de punto de pedido: Fixa en unidades de tempo o nivel de stock por debaixo do cal se precisa realizar un pedido ou reposición.
- C) Coeficiente de reposición: É o factor que multiplicado polo consumo medio mensual, nos dará, xuntamente co dispoñible, a cantidade necesaria a repoñer.
- D) Coeficiente de seguridade: É o factor que multiplicado polo consumo medio mensual nos artigos rotacionais, fixa de forma automática o stock de seguridade.

33. Dentro do Servizo de Compras e Subministracións sitúase funcionalmente a Unidade de Compras; entre as súas tarefas estaría:

- A) Controlar a caducidade dos artigos.
- B) Efectuar recontos periódicos de existencias.
- C) Verificar mensualmente co Servizo de Contabilidade os cuadros de compras, consumos e existencias.
- D) Todas as anteriores son tarefas encomendadas á Unidade de Compras.

34. Denomínase "grapevine" nunha empresa a:

- A) Canles espontáneas a través das cales circulan feitos oficiosos, medias verdades ou rumores.
- B) Á comunicación diagonal en exceso.
- C) Á canle oficial de noticias da empresa.
- D) Á comunicación ascendente por escrito.

35. Dentro das modalidades máis frecuentes de comunicación ascendente non figura:

- A) O comité de empresa.
- B) As enquisas de opinión.
- C) O manual de acollida dirixido ao persoal de novo ingreso.
- D) A atención de queixas e reclamacións.

36. De entre as diversas funcións da comunicación, sinala a opción incorrecta:

- A) Función "catártica".
- B) Función "enfática".
- C) Función "persuasiva".
- D) Función "de entretemento".

37. Dentro dos obxectivos do Sistema de Información encádranse os obxectivos estratéxicos, da tipificación destes, cal non sería a proposición correcta:

- A) Comunicabilidade externa.
- B) Capacidade de actualización.
- C) Aproximación ao cidadán.
- D) Integración cos proxectos corporativos.

38. Das seguintes funcións da historia clínica, ¿cal non se considera básica?

- A) Función administrativa.
- B) Función investigadora.
- C) Función docente.
- D) Función asistencial.

39. ¿Que enunciado sobre o arquivo de xestión non é exacto?

- A) Tamén chamado de oficina, está formado por documentos recentes de valor orixinario.
- B) O tratamento da súa documentación consiste basicamente en: iniciación no rexistro particular, formación de expedientes, clasificación, ordenación, recuperación da información e transferencia de fondos.
- C) Os seus documentos dan testemuño, ofrecen información e teñen potencialmente valor histórico.
- D) O servizo á Administración e o servizo aos cidadáns son os servizos que prestan os arquivos de xestión.

40. No exercicio das súas competencias, cada institución sanitaria produce documentos de xestión administrativa, ¿cales dos seguintes non forman parte destes?


- A) Documentos externos ou dos cidadáns.
- B) Documentos normativos.
- C) Documentos de consentimento informado.
- D) As respostas A) e C) son correctas.

41. O dereito de acceso a rexistros e arquivos administrativos regúlase en:

- A) O artigo 37 da Lei 30/1992 e artigo 37 da Lei 11/2007.
- B) O artigo 31 da Lei 30/1992 e artigo 37 da Lei 11/2007.
- C) O artigo 31 da Lei 30/1992 e artigo 31 da Lei 11/2007.
- D) O artigo 37 da Lei 30/1992 e artigo 31 da Lei 11/2007.

42. ¿En cal/cales das conexións de entrada/saída (E/S) do panel traseiro dun ordenador mostrada na figura seguinte é posible conectar unha pantalla TFT utilizando conexións estándar?

- A) Soamente na conexión 9.
- B) Indistintamente nas conexións 8 e 9.
- C) Calquera das conexións referenciadas como 7.
- D) En ningunha delas.



43. ¿Cal das seguintes afirmacións, relativas aos dispositivos periféricos dun ordenador, é correcta?

- A) Unha impresora e un escáner son dispositivos de entrada de datos, mentres que unha pantalla é un dispositivo de saída de datos.
- B) Unha impresora, un teclado e unha pantalla son dispositivos de saída de datos, mentres que un rato e uns altafalantes son dispositivos de entrada de datos.
- C) Unha impresora, uns altafalantes e un plotter son dispositivos de saída de datos, mentres que un teclado, un rato e un lector de tarxetas con banda magnética son dispositivos de entrada de datos.
- D) Unha impresora, un teclado e un escáner son dispositivos de entrada de datos, mentres que unha pantalla, un rato e uns altafalantes son dispositivos de saída de datos.

44. En relación á conexión dun ordenador a unha rede de datos, só unha das seguintes afirmacións é correcta, indique cal:


- A) O único modo de conectar un ordenador a unha rede de datos é mediante un modem que permite a súa conexión a la RTB (Rede Telefónica Básica).
- B) Entre os elementos a utilizar para conectar un ordenador a unha rede de datos están as tarxetas de rede, os switches e os encaminador (routers).
- C) Para conectar un ordenador a unha rede de datos é imprescindible que dispoña dun porto USB para conectar o modem.
- D) O único modo de conectar un ordenador a unha rede de datos é mediante un modem ADSL que permite a súa conexión a través de la RTB (Rede Telefónica Básica).

45. Un dos seguintes elementos non é imprescindible para que a CPU dun ordenador poida executar un sistema operativo, indique cal:

- A) Procesador.
- B) Memoria.
- C) Disco duro.
- D) Bus de datos.

46. A pulsación da tecla representada a continuación, denominada tecla de menú, no sistema operativo Microsoft Windows Vista ten un efecto semellante a:

- A) A pulsación do botón primario do rato.
- B) A pulsación do botón secundario do rato.
- C) A pulsación do botón primario do rato conxuntamente coa tecla Control (Ctrl).
- D) A pulsación do botón secundario do rato conxuntamente coa tecla Control (Ctrl).



47. Na parte superior esquerda das ventás de programa no ámbito Microsoft Windows Vista aparece unha icona que habitualmente se corresponde co logotipo da aplicación. Facendo "dobre-clic" co punteiro do rato sobre este botón, ¿que acontece?

- A) Maximízase a ventá.
- B) Minimízase a ventá.
- C) Péchase a ventá.
- D) Vólvese a ventá ao seu tamaño por defecto.

48. ¿Cal das seguintes informacións relativas aos sistemas operativos de uso máis frecuente é falsa?

- A) A última versión de sistema operativo comercializado pola empresa Apple e utilizado de forma habitual nos ordenadores por ela fabricados recibe o nome de MAC OS X Snow Leopard.
- B) O sistema operativo Windows, da empresa Microsoft, recibiu diversos nomes comerciais nas súas distintas versións, sendo un deles Windows Millenium.
- C) Pola utilización do sistema Linux nun ordenador pertencente a unha administración pública hai que pagar unha licenza á organización coordinadora do desenvolvemento, denominada Linux.com, con sede en Inglaterra.
- D) Á parte dos sistemas operativos de ordenador, como Linux e Windows, existen outros sistemas operativos utilizados principalmente en servidores, con nomes comerciais como AIX, Solaris e HP-UX.

49. **Con respecto ao explorador de arquivos de Windows Vista, ¿cal das seguintes afirmacións é correcta?**
- A) Pulsando simultaneamente as teclas Control+X execútase o comando pegar.
 - B) Pulsando simultaneamente as teclas Control+B execútase o comando cortar.
 - C) Pulsando a tecla F2 cando temos seleccionada unha carpeta ou arquivo permítenos editar o nome da devandita carpeta ou arquivo.
 - D) Se pulsamos a tecla F9 tendo un arquivo seleccionado execútase o comando eliminar.
50. **¿Cal das seguintes afirmacións relativas á folia de cálculo Microsoft Excel 2007 é falsa?**
- A) O tamaño máximo da folia é de 1.048.576 filas por 16.384 columnas.
 - B) O número máximo total de caracteres que pode conter unha cela é de 32.767.
 - C) O número máximo de libros abertos é de 64.
 - D) O número máximo de follas nun libro están en función da memoria dispoñible.
51. **¿Utilizando Microsoft Word 2007 podemos gardar un documento en formato *.pdf (formato de documento portátil)?**
- A) Si, aínda que para iso é necesario instalar un complemento. Unha vez instalado o devandito complemento podemos exportar un documento ao formato PDF.
 - B) Non, Microsoft Word 2007 non permite en ningún modo gardar o documento en formato *.pdf.
 - C) Non, só é posible gardar documentos en formato *.pdf utilizando o programa Adobe Acrobat.
 - D) Todas as respostas anteriores son falsas.
52. **Se vostede recibe un documento coa extensión *.ods e o único paquete ofimático instalado no seu ordenador é Microsoft Office 2007, ¿que programa utilizaría preferentemente para abri-lo?**
- A) Ao tratarse do formato de almacenamento de texto do estándar OpenDocument, utilizaremos Microsoft Word 2007.
 - B) Ao tratarse do formato de almacenamento de presentacións do estándar OpenDocument, utilizaremos Microsoft Powerpoint 2007.
 - C) Ao tratarse do formato de almacenamento de folia de cálculo do estándar OpenDocument, utilizaremos Microsoft Excel 2007.
 - D) A extensión *.ods non se corresponde con ningún tipo de documento de uso habitual, así que non existe ningún programa na suite Microsoft Office 2007 que poida abrir o devandito documento.
53. **Estamos a realizar unha presentación en público utilizando Microsoft PowerPoint 2007 nun ordenador portátil conectado a un proxector. ¿É posible que no proxector esteamos a mostrar ao público a presentación como diapositivas e na pantalla do ordenador esteamos a ver a devandita presentación de xeito que poidamos, por exemplo, ler as notas do orador?**
- A) Si, utilizando o comando "Usar vista do moderador".
 - B) Con Microsoft PowerPoint 2007 non é posible realizar o indicado no enunciado da pregunta.
 - C) Si que é posible, para o que utilizaremos o comando "Presentar diapositiva con notas".
 - D) Non é posible realizalo utilizando soamente un portátil e un proxector, necesitaremos unha pantalla adicional.
54. **Durante o traslado do enfermo nunha cadeira de rodas:**
- A) Débese empurrar dende a parte de atrás pola empuñadura.
 - B) Débese tirar da cadeira de rodas cando sobe por unha rampla.
 - C) Débese empurrar a cadeira de rodas cando se entra e sae do ascensor, aplicando o criterio xeral de colocar o paciente de modo que quede mirando cara á porta de saída.
 - D) As respostas A) e C) son correctas.
55. **O aparato que consiste nunha pantalla luminosa formada por un cristal esmerilado e iluminado por detrás, e sobre o que se colocan radiografías para ser observadas, recibe o nome de:**
- A) Radioscopio.
 - B) Megatoscopio.
 - C) Negatoscopio.
 - D) Optoscopio.
56. **Un paciente con luxacións ou fracturas en extremidades superiores e inferiores, estará acomodado nunha cama que lle permita moverse lixeiramente para incorporarse ou para cambiar de posición en pequenas mobilizacións. Esta cama recibe o nome de:**
- A) Cama roto test.
 - B) Cama de Gatch.
 - C) Cama de Judet.
 - D) Cama Egerton Stoke Mandeville.
57. **As balderas son uns protectores metálicos que se colocan a cada lado libre da cama co fin de evitar caídas do paciente; a altura mínima que deben de ter é de:**
- A) 50 cm.
 - B) 35 cm.
 - C) 30 cm.
 - D) 45 cm.

58. **As padiolas con rodas, de uso común nas ambulancias, utilizadas para transportar un paciente dende o seu lugar de orixe á ambulancia e dende esta ao seu destino; sinala a opción correcta:**
- A) As súas medidas son: 199 x 67 x 98 cm.
 - B) Non están dotadas de cintos de seguridade.
 - C) Conta con rodas estreitas e amortecemento.
 - D) Conta con dúas rodas que xiran 180° e un respaldo reclinable ata 55°.
59. **A padiola de tesoira ou de pas ten unha:**
- A) Lonxitude mínima de 146 cm. e unha lonxitude máxima de 199 cm.
 - B) Lonxitude mínima de 186 cm. e unha lonxitude máxima de 235 cm.
 - C) Lonxitude mínima de 166 cm. e unha lonxitude máxima de 210 cm.
 - D) Lonxitude mínima de 136 cm. e unha lonxitude máxima de 185 cm.
60. **Un tubo endotraqueal, para a súa utilización require:**
- A) Estar esterilizado.
 - B) Estar desinfectado.
 - C) Estar rigorosamente limpo.
 - D) Unha asepsia total.
61. **¿Para que se utiliza o comando tracert na ventá de comandos do noso PC con sistema operativo Windows Vista?**
- A) Determina a ruta de rede tomada dende o noso PC cara a un destino.
 - B) Proporciona información acerca da latencia de rede e as perdas de rede en saltos intermedios entre o noso PC e un destino.
 - C) Para mostrar a configuración dun enrutador de multidifusión.
 - D) Mostra os valores actuais da configuración da rede TCP/IP. Se se utiliza sen parámetros, mostra as direccións IPv6 ou a dirección IPv4, a máscara de subrede e a porta de enlace predeterminada de todos os adaptadores.
62. **Se na ventá de comandos dun PC con sistema operativo Windows Vista executamos o comando getmac, ¿que obtemos?**
- A) Infórmanos de se o noso sistema operativo dispón da compatibilidade necesaria para executar aplicacións desenvolvidas para o ámbito MAC, de Apple.
 - B) Devólvenos a dirección de control de acceso a medios da tarxeta de rede.
 - C) Supervisa as conexións e direccións rexistradas polo administrador de chamadas ATM en modo MAC.
 - D) Configura ou deshabilita o cliente de control de acceso a módulos de memoria.
63. **¿Que disposición do Decreto 160/1996, do 25 de abril autoriza á Consellería de Sanidade e Servizos Sociais en orde a ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento e execución de tal Decreto?**
- A) Disposición transitoria.
 - B) Disposición última primeira.
 - C) Disposición última segunda.
 - D) Disposición derogatoria.
64. **¿Cal dos seguintes comandos executaría na ventá de comandos dun PC para coñecer a súa máscara de subrede?**
- A) Subnet /config.
 - B) ping /mask.
 - C) Ipconfig.
 - D) ping -s.
65. **Segundo a Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal:**
- A) O interesado terá dereito a solicitar e obter nun prazo máximo de 10 días información dos seus datos de carácter persoal sometidos a tratamento, a orixe dos devanditos datos, así como as comunicacións realizadas ou que se prevén facer destes.
 - B) O responsable do tratamento terá a obriga de facer efectivo o dereito de rectificación ou cancelación do interesado no prazo de quince días.
 - C) A cancelación implicará a supresión inmediata dos datos por parte do responsable do tratamento.
 - D) Calquera persoa poderá coñecer, solicitando a tal fin a información oportuna do Rexistro Xeral de Protección de Datos, a existencia de tratamentos de datos de carácter persoal, as súas finalidades e a identidade do responsable do tratamento.

57. Las balderas son unos protectores metálicos que se colocan a cada lado libre de la cama con el fin de evitar caídas del paciente; la altura mínima que deben de tener es de:
- A) 50 cm.
B) 35 cm.
C) 30 cm.
D) 45 cm.
58. Las camillas con ruedas, de uso común en las ambulancias, utilizadas para transportar a un paciente desde su lugar de origen a la ambulancia y desde ésta a su destino; señala la opción correcta:
- A) Sus medidas son: 199x67x98 cm.
B) No están dotadas de cinturones de seguridad.
C) Cuenta con ruedas estrechas y amortiguación.
D) Cuenta con dos ruedas que giran 180° y un respaldo reclinable hasta 55°.
59. La camilla de tijera o de palas tiene una:
- A) Longitud mínima de 146 cm. y una longitud máxima de 199 cm.
B) Longitud mínima de 186 cm. y una longitud máxima de 235 cm.
C) Longitud mínima de 166 cm. y una longitud máxima de 210 cm.
D) Longitud mínima de 136 cm. y una longitud máxima de 185 cm.
60. Un tubo endotraqueal, para su utilización requiere:
- A) Estar esterilizado.
B) Estar desinfectado.
C) Estar rigurosamente limpio.
D) Una asepsia total.
61. ¿Para qué se utiliza el comando tracert en la ventana de comandos de nuestro PC con sistema operativo Windows Vista?
- A) Determina la ruta de red tomada desde nuestro PC hacia un destino.
B) Proporciona información acerca de la latencia de red y las pérdidas de red en saltos intermedios entre nuestro PC y un destino.
C) Para mostrar la configuración de un enrutador de multidifusión.
D) Muestra los valores actuales de la configuración de la red TCP/IP. Si se utiliza sin parámetros, muestra las direcciones IPv6 o la dirección IPv4, la máscara de subred y la puerta de enlace predeterminada de todos los adaptadores.
62. Si en la ventana de comandos de un PC con sistema operativo Windows Vista ejecutamos el comando getmac, ¿qué obtenemos?
- A) Nos informa de si nuestro sistema operativo dispone de la compatibilidad necesaria para ejecutar aplicaciones desarrolladas para el entorno MAC, de Apple.
B) Nos devuelve la dirección de control de acceso a medios de la tarjeta de red.
C) Supervisa las conexiones y direcciones registradas por el administrador de llamadas ATM en modo MAC.
D) Configura o deshabilita el cliente de control de acceso a módulos de memoria.
